

V CERTAME

DE MICROPOEMAS

BEATRIZ DA SERRA


**ORGANIZAN OS
OS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA DE:**

**IES ESCOLAS PROVAL (NIGRÁN)
IES PLURILINGÜE TERRA DE TURONIO (GONDOMAR)
CEIP CARLOS CASARES (NIGRÁN)
CPI PLURILINGÜE ARQUITECTO PALACIOS (NIGRÁN)
IES PRIMEIRO DE MARZO (BAIONA)
IES VAL MIÑOR (NIGRÁN)**

**EN COLABORACIÓN COS CONCELLOS
DE GONDOMAR, NIGRÁN E BAIONA**



BASES



- 1. Poderá participar o alumnado dos centros educativos do Val Miñor.**
- 2. A participación no certame supón a aceptación destas bases.**
- 3. Os poemas presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, e estarán escritos en lingua galega. Terán unha extensión mínima de 3 versos e máxima de 8. Cada participante presentará catro poemas.**
- 4. Establécense as seguintes categorías:**
 - a) alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria**
 - b) alumnado de 1º, 2º, 3ºESO, PDC e FP Básica**
 - c) alumnado de 4ºESO, bacharelato, ciclos formativos e ESA**
- 5. As obras propostas enviaranse ao correo electrónico:**
poesiaminhora@gmail.com
O envío incluírá dous documentos escritos en Arial 12, en formato PDF.
Nun irán os poemas presentados, que deberán conter título ou lema.
Noutro, figurarán o título da obra presentada e os datos persoais da autora ou autor (nome, apelidos, idade, curso, centro de estudos, teléfono de contacto, e enderezo postal).
- 6. A data límite para a presentación dos poemas será o 17 de maio de 2024 ás 23:59 horas.**
- 7. O xurado estará composto por cinco especialistas en literatura galega.**
- 8. Os poemas premiados serán publicados nas webs dos centros convocantes e enviados aos medios dixitais do Val Miñor. Tamén se fará unha publicación impresa, que servirá para lembrar a Beatriz da Serra e para a difusión dos traballos premiados .**
- 9. Establécense os seguintes premios en cada categoría:**
 - 1º PREMIO: dotado con dúas antoloxías poéticas das voces máis novas, certificación acreditativa, unha peza cerámica conmemorativa de Antón Román e mais dez exemplares do libro do certame.**
 - 2º PREMIO: dotado con dúas antoloxías poéticas das voces máis novas, certificación acreditativa e mais dez exemplares do libro do certame.**
- 10. Os premios serán entregados nun acto poético organizado polos centros e concellos convocantes.**
- 11. Se o xurado o considera, poderá quedar algún premio deserto. Tamén poderá recomendar a publicación dalgún poema que destaque pola súa calidade entre os que non resulten premiados. Calquera incidencia non prevista nestas bases será resolta polo xurado.**
- 12. O fallo do xurado será inapelable e farase público nas webs dos centros organizadores na semana seguinte ao peche do certame.**